

RELAXACIÓN PARA 6º

Para comezar na relaxación para os nenos de 6º, quería dividir cada cousa para especificar en cada asunto que pode que os poñan nerviosos neste novo curso, nova etapa, nova clase, etc...

PROFESORES

Como está claro, cada profesor vos dará unha materia en específico, e cada profesor terá a súa maneira de explicar, mais debemos adecuarnos a cada un deles, e facendo as cousas que nos indican. Recordade que cada profesor mandará certos exercicios, e outro quizais máis ou menos. Pero é como en primaria, un día o profesor non che manda deberes, e ao seguinte os manda bastantes; non si? Polos profesores non vos preocupedes, os haberá estritos, e non tan estritos, pero son profesores, así que non é nada que non coñezades xa, verdade?

MATERIAS

Introducindo o tema das materias, haberá como sabedes materias novas, polo que deberedes de por máis esforzo no que fagades: traballar, estudar, repasar... Pero esa diferenza a notamos todos, de 2º a 3º por exemplo, así que só será iso, pero con unhas materias máis... “novas” por así dicilo. Recordade que, aunque non sexa novo para vos oílo, tedes que preguntar ao profesor cada cousa que non entendades, porque como xa dixen, hai materias novas que deberedes estudar. As hai doadas, e as hai máis complicadas, mais son materias novas, e sen elas non poderedes chegar a ningures; así que, **ÁNIMO A TODOS!!!!**

EXAMES

Como dixen antes, cada profesor ten a súa maneira de facer as cousas, e os exames non son a excepción. Cada exame é distinto na súa elaboración, corrección, distribución dos puntos, etc... Son exames como os de primaria, mais só atoparedes diferente a colocación e distribución das mesas, as novas materias, e o profesor que o fixo, máis nada, non é nada fóra do común.

RECREOS

Este é un tema moi pequeno, pero imaxino que queredes saber, aunque seguramente saibades...

O recreo se distribúe en dúas partes, ambas as dúas cada dúas clases. O primeiro recreo consta de 15 minutos, ao contrario do segundo, que ten 30 minutos. Neles poderedes relaxarvos das dúas clases anteriores.

TRANSPORTE

O transporte escolar será usado tanto como para vir ao IES, como para irse del. Gustaríame dicir que cada autobús ten a uns alumnos adxudicados e antes de que o aprendades vós mesmos, os digo que ao volver á casa, haberá varios autobuses que teñen a mesma parada; e diredes: “ Súbome a estoutro autobús porque esta o meu mellor amigo”. Non o fagades, porque os condutores son moi estritos, os aviso de antemán que ás veces poden pasar cousas moi malas, e todo porque vos cambiastes de transporte.

Cando cheguedes ao IES, ou un pouco máis tarde, vos darán un carné para poder subir ao autobús que vos leva á vosa parada, non o perdades en ningún momento.

SERIES TELEVISIVAS

As series televisivas... bueno, bueno, bueno...

Como pode haber algo tan, mentireiro?

A televisión non se parece en case nada á realidade; din que as cousas son negras, pois son brancas, din que son estreitas, pois son anchas, din que non se que, pois non sei canto...

Non ten case nada que ver a televisión coa realidade. No instituto non hai ningún tipo de matóns nin nada que se pareza. Nin che rouban os cartos nin che pegan, non é así nin de lonxe. Pode haber xente da que desconfíes, o cal en certo punto non é bo. Pero iso non cho podo prohibir, cada un que sexa como queira.